

# FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 2

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

LETRAS



GALLEGAS

17 - 5 - 2003



CEIP DE BELUSO

# EDITORIAL

Un ano máis celebramos o

## **DÍA DAS LETRAS GALEGAS.**

Este ano está dedicado a Antón Avilés de Taramancos.

Os alumnos de 6º queremos aproveitar este día para despedirnos neste **FIADEIRO**.

Aproveitamos tamén para despedirnos dos profesores que sempre nos estiveron axudando.

Dentro de pouco rematamos o curso e queremos despedirnos dos alumnos e alumnas do colexio. Nestes seis anos pasámolo moi ben. A nós gustaríanos quedarnos outro ano máis, pero temos que marchar para a E.S.O.

¡¡Ata sempre!!

¡¡Boa sorte!!

**Alumnos de 6º.**

## ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Antón Avilés Vinagre nace en 1935 na aldea de Taramancos (Boa), pertencente ó Concello de Noia (A Coruña). É o segundo de cinco fillos de Severiano Avilés Outes e de Manuela Vinagre Fuentes.

En 1950 remata os estudos de 3º de bacharelato en Noia. Comeza a publicar poemas na revista *Tapal* de Noia ós 14 anos.

Despois vaise á Coruña para estudar a carreira de Náutica que non rematará. Nesta cidade quédase a vivir 9 anos.

A Coruña que atopa Avilés nos anos cincuenta é a realización dun soño. Axiña entra en contacto con aqueles que el considera teñen as súas mesmas arelas. Empeza a ter xa unhas firmes conviccións nacionalistas e a total certeza de que o galego é a única lingua que pode utilizar dun xeito natural.

Entra en contacto con distintas figuras da resistencia cultural galega: Uxío Carré Alvarellos, Mariano Tudela, Miguel González... Profundiza a súa amizade co pintor Urbano Lugrís de quen conservará o pseudónimo utilizado por Lugrís, *Ulises Fingal*, que utilizará con posterioridade á morte do pintor.

En 1961 marcha para Colombia onde pasará vinte anos da súa vida. Os principios son duros. Sen cualificación profesional específica, vese obrigado a desempeñar os máis variados traballos. Por un anuncio na prensa sabe que na Embaixada do Brasil necesitan un mordomo. Preséntase e contrátano de inmediato polo seu saber estar, a súa simpatía e a súa formación cultural. Alí tamén traballa como doncela da embaixadora unha moza de vinteseis anos, nacida en Bogotá, chamada Ana Sofía Baquero Céspedes, con quen acabará casando. Desta unión nacerán tres fillos: Santiago, Luis e Guillermo.

Despois de



abandonar a embaixada do Brasil, e buscando un futuro mellor, traballa nas liñas aéreas Iberia, nunha peixería, nunha cafetería... En 1967 conseguen o posto de caseiros da finca dun coronel. Teñen que vixiar a finca e plantar e recolectar amorodos.

Máis tarde coñece a José Porto, galego emigrado dono de Cultural Colombiana de Occidente Ltda. Vendo as

magníficas condicións de Avilés ofrécelle o posto de xerente da librería en Cali. Esta é unha etapa de certo benestar económico na que incluso adquiren unha finca na que pasan momentos felices con multitude de amigos.

Con todo, non perde o contacto con Galicia. Na correspondencia que manteñen, Salvador García Bodaño anima a non abandonar a escrita poética.

En novembro de 1974, Avilés viaxa a Galicia onde permanece un mes no seu pobo coa súa familia e amigos.

A principios de 1980 fala coa súa familia da posibilidade de establecerse definitivamente en Galicia. Chega a Noia o 19 de abril de 1980. Sofía, Santiago, Luis e Guillermo chegarán o 15 de agosto dese mesmo ano.

A partir de novembro de 1980 rexenará a **Tasca Típica** en Noia, lugar de encontro de escritores e foco de actividade cultural.

O mar de Taramancos desde a casa natal de Avilés.



O retorno a Galicia supón tamén a volta á loita política e á actividade cultural. O poeta vese a si mesmo como un loitador, desde a súa obra literaria, que debe esperar ó pobo do seu sono. Así pois renega “da literatura polo arte, da literatura pola literatura”, que por si soa non vale de nada; á par desa tarefa debe darse a literatura de combate, tan necesaria na loita dos pobos pola liberdade.

Entre os anos 1982 e 1991, Avilés desenvolveu un gran labor como animador

cultural, organizando e participando en múltiples actividades de defensa e promoción da lingua e da cultura galegas e tendo sempre como obxectivo a concienciación do pobo.

En 1986 é elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Forma parte da candidatura do BNG para as eleccións municipais de 1987. Unha das primeiras propostas que fai como concelleiro de Cultura é a normalización lingüística do concello. A partir de 1987 tódolos documentos nos que figure o nome do concello serán escritos en galego.

Desde a consellería de Cultura promove distintas publicacións que dan a coñecer a obra dos poetas máis novos, así como distintos estudos históricos e etnográficos.

A principios do verán de 1991, Avilés nota os primeiros síntomas da enfermidade. Acode á Coruña e diagnóstícanlle un linfoma (enfermidade de Hodgkin). Plenamente consciente de que o final da súa vida está próximo, escribe e ilustra o seu derradeiro poemario, *Última fuxida a Harar* (1992). Sofía non se separará del en ningún momento e Avilés intenta consolala e convencela de que deberá afrontar con valentía o futuro.

Na cidade da Coruña, o 22 de marzo de 1992, ás dúas da tarde, morre Avilés. Ó día seguinte é soterrado no cemiterio de Boa (Noia). Na entrada do camposanto medra hoxe unha cerdeira xunto á que a Asociación de Escritores en Lingua Galega gravou en pedra estes versos do poeta de Tamarancos:

**“Imos plantar unha cerdeira nova  
temos que darlle esa alegría ao vento”.**

### **OBRA POÉTICA:**

#### **As moradias do vento**

(Revista Atlántida, A Coruña, 1955)

#### **A fruta e o garamelo**


(Moret, A Coruña, 1958)

#### **O tempo no espello**

(Edicións do Castro, Sada, 1982), este volume inclúe ademais dos dous primeiros libros os titulados

#### **Poemas a Fina Barrios**

(1959), **Poemas soltos a Maricarme Pereira**




(1961) e **Os poemas da ausencia** (1961-1981)

**Cantos caucanos** (Sotelo Blanco, Barcelona, 1985)

**As torres no ar** (Sotelo Blanco, Barcelona, 1989)

**Antoloxía poética** (Editorial Compostela, Santiago, 1992)

**Última fuxida a Harar** (Espiral Maior, A Coruña, 1992)



### **PRIMEIRO AMOR, PRIMEIRA MORTE**

*A Fina Bárrios, como epílogo do meu libro «Pequeno Canto» (1959)*

Todo canto eu amei perdéuseme contigo:  
a luz clara e vibrante da miña xuventude,  
os bosques entrañables perfeitos de quietude  
onde o vento vivía con un lecer antigo.

Entón era o silencio o meu mellor amigo,  
era eu namorado de todo canto vía  
vivir era unha leda, fermosa moradía  
onde o mencer entraba recendendo a pantrigo.

De súpeto viñeches con esa lonxanía,  
caraveliño feble en terra ventureira  
e eu abrín outra nova fiestra para o día.

E todo canto amei foi unha lumieira,  
foi a fouce tan íntima que de cote se afía  
para ceifar dun pulo brutal a primavera.


5º A.

## AUTORES HOMENAXEADOS NAS LETRAS GALEGAS

A Academia Galega xurde por iniciativa de Xosé Fontenla Leal, nado en Ferrol, un emigrante en Cuba. Mantiña contacto permanente con moitos emigrantes galegos, ós que lles transmitía o seu fervor galeguista. El foi quen conseguiu que Eduardo Pondal e o músico Pascual Veiga compuxeran o **himno galego**. Convenceu a Curros Enríquez – tamén emigrante en Cuba – para crear unha **academia** que dese prestixio á nosa lingua. Polo seu entusiasmo naceu no ano 1905 a **Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega**. Esta asociación encargoulle ó historiador Manuel Murguía e a un equipo de asesores a organización da **Academia**. O 4 de setembro de 1905 os organizadores celebraron a primeira xuntanza. O 25 de agosto de 1906 o rei Alfonso XIII aprobaba os estatutos e concedía á Academia o título de **Real**.

No ano 1963 constituíuse o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**, por proposta do académico Francisco Fernández del Riego, e desde entón acórdase celebrar o **17 de maio** de cada ano o DÍA DAS LETRAS GALEGAS, en homenaxe a un escritor, xa falecido, pola súa obra en lingua galega.

Desde 1963, estes foron os escritores homenaxeados:



Cuevillas

- 1969 Antonio Noriega Varela
- 1970 M. Valladares Núñez
- 1971 Gonzalo López Abente
- 1972 Valentín Lamas Carvajal
- 1973 Manuel Lago González
- 1974 X. V. Viqueira Cortón
- 1975 X. Manuel Pintos Villar
- 1976 Ramón Cabanillas
- 1977 Antón Vilar Ponte
- 1978 Antonio López Ferreiro
- 1979 Manuel Antonio
- 1980 Alfonso X, O Sabio
- 1981 Vicente Risco
- 1982 Luis Amado Carballo
- 1983 Manuel Leiras Pulpeiro
- 1984 A. Cotarelo Valledor
- 1985 Antón Losada Diéguez
- 1986 Aqullino Iglesia Alvariño
- 1987 Francisca H. Garrido
- 1988 Ramón Otero Pedrayo
- 1989 Celso Emilio Ferreiro

- 1963 Rosalía de Castro
- 1964 Castelao
- 1965 Eduardo Pondal
- 1966 Francisco Añón Paz
- 1967 Manuel Curros Enríquez
- 1968 F. López

- 1990 Luís Pimentel
- 1991 Álvaro Cunqueiro
- 1992 Fermín Bouza-Brey
- 1993 Eduardo Blanco-Amor
- 1994 Luís Seoane
- 1995 Rafael Dieste
- 1996 Xesús Ferro Couselo
- 1997 Anxel Fole
- 1998 Martín Codax, Johan de Cangas e Meendinho
- 1999 Roberto Blanco Torres
- 2000 Manuel Murguía
- 2001 Eladio Rodríguez
- 2002 Frei Matín Sarmiento
- 2003 Antón Avilés de Taramancos




Cantamos,



contamos




y







rimamos



## CANCIÓN



NOS GUSTA O ANTROIDO  
 ¿POR QUE NOS GUSTARÁ?  
 POR FACER DISFRACES  
 COS QUE IMOS A BAILAR.



PODEMOS SER MAGOS,  
 PRINCÉAS OU DRAGÓNS,  
 TAMÉN MARY POPPINS  
 OU UN GATO XOGUETÓN.

NOS GUSTA O ANTROIDO  
 ¿POR QUÉ NOS GUSTARÁ?  
 POR FACER DISFRACES  
 COS QUE IMOS A BAILAR.

## UN CONTO DE DRAGONS

HABIA UNHA VEZ UNS DRAGONS  
E UNS MAGOS QUE ESTABAN  
FECHADOS NUNCA STELO.

NESTE CASTELO HABIA

UNHA PRINCESA E ESTABA  
TAMEN A PROFE.


ESTABAN FECHADAS.

APARECEU UNHA BRUXA. DOBLE


LINHA MAZA ENVELENADA A

PRINCESA E ESTA DESMAIOME.

VEU UN PRINCEPE. SICOLUNA : :





OS DRAGONS SAIRON DA  
 VENTÁ E LEVARON OS MAOS  
 CON ELAS  
 A PROFE BUSCOU A CHAVE E M  
 A ATOPOU. ENTÓN OS DRA-  
 GÓNSE OS MAOS DE CABE  
 FORON A BUSCAR Á  
 PROFE Ó CASTELO  
 ATOPARON UN GIGANTE MOI MAI  
 DE FERRO.  
 BRAS DOULLE UN HA PAIZA, JOSE  
 ANGEL UNHA PATADA E JOSÉ MA INDEL  
 PPOULLE AS OURELLAS.  
 TODOS LUTARON CONTRA ÉL E  
 PUDERON DESCONECTALO  
 SALVARON Á PROFE E A PROFE  
 REGALOLLES GOMINULAS  
 E GOLORIN COLORADO...



O CONTO ESTÁ REMATADO

## OS DRAGONS ESPACIAIS E A PRINCESA



Había unha vez nun castelo, unha princesa moi guapa chamada Bella rosa, porque era bonita como unha flor.

Charaba, sentiase mal e estaba moi triste porque estaba lonxe do seu castelo.

Fai dous anos, cando celebrabamos a súa festa do 16 cumppreanos, unha manada de dragóns atracaron o castelo e colleron á princesa, mentras estaban comendo a tarta.

Levárona voando a un planeta lonxano.

Os dragóns mandaron unha carta ó rei que dicía:



"dános todos os teus tesouros e liberámonos á tua filla".

Un dos gardas do castelo era un mago moi poderoso e escoitou falar ó rei e a rainha facendo un plan.

En canto oiu o plan  
foi a avisarlle os dragóns.  
O plan era falso.  
Os ceibes, o mago e  
todo - los habitantes do  
castelo saíron, e os dragóns  
atacaron e caeron na trampa,  
que lles tiñan preparada.  
O mago construíu unha

nave espacial e rescatou  
a princesa.  
Volveron ó castelo e case  
conse.

O mago convertiuse nun  
príncipe.  
Colorín colorado está cont  
esta rematado.



RIMAS



DO

ENTROIDO




No entroido poñemos disfraces  
e xogamos cos outros rapaces.

Como en kelusa había un pouquiño  
fixemos un desfile pequeniño.



Ne zoluxo fixemos un disfraz  
de Mary Poppins e o seu amigo, un rapaz.



En Cabalo eran dragóns  
mas roquetóns.

En Currares son de yatos,  
con botas, non con zapatos



# A NUBE MÁXICA



Había unha vez, en Galicia, unha fermosa nube. A nube era branca, de ollos azuis, nariz pequeno e unha gran boca sempre sorrinte.

O seu corpo era un pouco alongado, ¡parecía unha variña máxica!.

Levaba un vestido de cores brillantes, adornado con flores, zapatos vermellos e un sombreiro de palla.



Vivía nun lugar moi, moi alto, e, moi, moi bonito. Desde alí miraba toda Galicia.

Un bo día baixou do ceo e viu a uns nenos e nenas tristes, porque, os seus papás e mamás estaban limpando as praias que quedaran manchadas de chapapote.

Antes as praias estaban limpas e agora eran sucias e negras.

A nube estivo observando ós nenos e preguntoulle:

-¿Por qué estades tan tristes?.

Os nenos responderon:

-Estamos así porque un barco soltou o petróleo polo noso mar e agora non podemos bañarnos.

-¡Non vos preocupedes! - díxolle a nube - entre todos formaremos un bo equipo e deixaremos as praias relucentes.



A nube marchou moi preocupada e foi contarlo ás súas veciñas. Unha vez no ceo díxolles:

-Amigas miñas, os nenos de Galicia te-

ñen un problema moi grande, temos que facer algo.

Todas a escoitaban con moita atención, ata que unha pequena nube dixo:


-¡Iremos por tódalas vilas, e cidades e pobos chamando á xente para que veñan connosco a axudarnos!.

A xente coas súas propias mans e con medios artesanais e rudimentarios foron limpando todo o que puideron. Tamén lograron recoller gran cantidade de chapapote cos seus barcos, que cargaban e logo descargaban no porto cando estaban cheos. Alí os metían en contenedores especiais.

Unha vez descargados, volvían repeti-la mesma operación. Así o fixeron, ata que deixaron toda a auga do mar limpa.

O mesmo fixeron coa area das praias, coas rochas e co fondo do mar.

E...un día, entre limpar e limpar, remataron toda a costa.



Xa as nubes bailaban de contentas no ceo e rían a gargalladas. Os nenos tamén: uns xogaban a facer castelos, outros mergullábanse, outros nadaban, outros miraban como saltaban os peixes... e os maiores: uns a pescar, outros a vender...; e, ¡xa todos comemos peixe fresquiño das nosas rías!.

Atrás deixamos ese pesadelo que tanto nos estragou as praias, os pensamentos e tamén os euros. E dámoslle moitas gracias a aquela fermosa nube que tivo a boa idea de axudarnos.



1º CICLO

## A GUERRA E A PAZ

Había unha vez un can moi bo que se chamaba Paz, e outro moi malo e moi traveso que se chamaba Guerra.

Guerra quería que a xente fora mala e Paz desexaba que fose boa.

Un día Paz e Guerra topáronse e Paz preguntoulle a Guerra:

\_ ¿ Guerra, por que non queres ser bo ?  
E Guerra díxolle:

\_ Porque non quero ir ó ceo e estar con Deus, ademais no inferno estou quentiño.

E logo Guerra preguntoulle a Paz:

\_ ¿ Paz, por que non queres ser malo ?  
E Paz respondeulle:

\_ Porque non quero ir ó inferno.

Outro día Guerra estaba facendo falcatruadas e, de repente, apareceu un can que se chamaba Ton e díxolle a Guerra:

\_ Para de facer falcatruadas.

E Guerra contestoulle:

\_ ¿ E se non me da a gana ?

Ton díxolle:

\_ Pelexaremos

Entón Ton e Guerra empezaron a pelexar, toda a xente que pasaba por alí quedaba asombrada ó miralos como se zoscaban . Naquel momento apareceu Paz e dixo:

\_ ¡ Baaasta ! Non os dades conta que o que estades a facer está mal.

Entón Ton parou de pelexar pero Guerra non e aproveitou que Ton estaba descoidado botouse enriba del e malfireuno.

Paz ó ver aquilo e con moito esforzo consegue separalos e botoulle unha forte berra a Guerra e que vira o mal que fixera.

O ver aquilo Guerra arrepeniuse e volveuse un cadelo bo.

Ó final de todo A PAZ VENCEU Á GUERRA.

### O DÉBIL E O PODEROSO

Todo empezou un día nun lugar moi afastado chamado Monte Alto.

O seu presidente non quixo obedecer as ordes dun país moi poderoso.

Este país decidiu reunir tódolos seus soldados e atacar Monte Alto pola súa insolencia.

Os primeiros días foron preparando as armas de todo tipo, tanques, avións, barcos , bombas de todo tipo, etc..; armas dunha gran destrución ó fin e cabo terribles.

A partir de entón todo pasaría con moita velocidade, o país poderoso atacou a Monte Alto, por ceo, mar e terra con toda a súa potencia militar atacando todas as instalacións tanto militares como civís que topaban a seu paso sen recoñecer nunca os seus erros.

Os poucos días Monte Alto tivo que renderse ante un país tan xusto e poderoso que os viña a liberar e darlle unha nova e próspera vida. ( É broma ).



***Camiñan ao meus rentes moitos homes.***

***Non os coñezo. Sonme estranos.***

***Pero ti, que te encontras alá lonxe máis alá dos desertos e dos lagos, máis alá das sabanas e das illas, coma un irmán che falo.***

¡VIVA A PAZ.!



**NENOS DE 3º.**

# POESÍAS

## PRIMAVERA

Primavera, primavera,  
na primavera hai flores,  
quen me dera ser coma ela  
toda chea de cores.

O xardín da miña avoa  
está repleto de flores,  
brancas, lilas, amarelas...  
inspíranme nos solpores.



Os paxaros cantan nelas  
todo o día sen parar,  
co seu canto continuado  
queren parella atopar.

Xogan os nenos cos globos,  
o sol comeza a brillar,  
os días xa son máis longos,  
todo comeza a brotar.

Primavera, primavera,  
ti eres a máis fermosa,  
cando chegas no abril  
¡Que alegría nos amosas!.

Primavera, primavera,  
os paxaros cantan ledos  
nas árbores florecidas,  
para ledicia dos nenos.

Primavera, primavera,  
nos campos brotan as flores  
e á miña casa irei  
cun ramiño de cores.

**Ana Teresa e Victoria González. 5ºA.**

## O MARIÑEIRO

O meu pai é un mariñeiro,  
traballa neste mar bravo  
que está batendo nas rochas  
e que non parece malo.

Vai ó bar ó vir da pesca,  
non lle gusta ir andando  
porque está moi cansado  
de tanto estar traballando.



É un traballo perigoso  
e nel traballa moi duro  
gañando pouco diñeiro,  
pasando moitos apuros.

Algúns din que é fermoso,  
será para pasear.  
O que teña un veleiro,  
ese sí vai disfrutar.

**Miguel Martínez. 5ºA.**

## A PRIMAVERA

Esperando estamos  
que chegue a primavera,  
esperando estamos,  
que pronto veña.

Fermosa é a primavera  
cando as bolboretas  
voan contentas  
pola ladeira.



Fermosa é a primavera  
cando as flores  
cos seus cores  
adornan a pradeira.

Fermosa é a primavera  
cando os animais  
saen das madrigueiras.

¡Que fermoso é ver  
cando chega  
a primavera  
o campo florecer!

**Rebeca Agulla 4º A.**

### O MAR

Como describir o mar,  
inmenso manto de tul,  
onde xurde toda a vida,  
auga moi limpa e azul.

Desde a miña ventá  
vexo ós barcos pescando,  
navegando polo mar  
e persoas traballando.

Quería un calamar  
que estivese no meu mar,  
unha cousa moi escura  
rouboume o calamar.

Meu avó pesca centolas,  
nécoras e lumbrigantes,  
chegou o barco *Prestige*  
e xa non se miran diante.



Din unha volta no barco  
para buscar chapapote,  
cagoume unha gaivota  
e máis levei un capote.

Xa volveu o chapapote  
ás nosas costas galegas,  
borrou o azul do mar,  
púxolle máscaras negras.

A xente fai o posible  
para coller chapapote,  
pero el non é tan débil,  
non se mete nin nun bote.

Escoitade, voluntarios,  
os galegos damos gracias,  
¡gracias á vosa axuda!,  
¡gracias, por limpar as praias!

**Andrea, Rebeca e Jessica Barreiro. 5ºA.**

### A SEMANA SANTA

Xa chega Semana Santa,  
tempo bo para o lecer,  
para xogar cos amigos,  
mil cousas poder facer.

¡Que rica estaba a rosca!  
¡que rico estaba o roscón!  
cheo de zucre por riba,  
feito de masa e paixón.

¡Que boa a miña madriña!,  
sempre me vén visitar.  
Ó chegar Semana Santa  
agasallos hame dar.

Remata Semana Santa,  
ás clases hai que voltar  
e cos amigos da clase  
todos xuntos a estudar.

**Naiara González. 5ºA.**

### O MAR

O mar é de moitas cores,  
o mar ten millóns de estrelas  
que miramos no verán  
pero non podes collelas.

O mar ten moitos moluscos,  
o mellor é o mexillón,  
o pulpo tamén me gusta  
e sempre como un montón.



O mar agora está sucio  
por culpa do chapapote,  
os peixes están morrendo  
e tamén os cachalotes.


O mar gústame moito  
porque podó ir nadar,  
pero só vou no verán  
co meu irmán a xogar.

**Sara Comedeiro 5ºA.**

### O MAR

O mar é fermoso,  
fermoso é o mar,  
cheo de vida  
para ir pescar.

Podemos cear,  
podemos xantar,  
e todo o demais  
coa vida do mar.



A vida no mar  
é moi singular,  
cheo de peixes  
para podernos alimentar.

É todo isto  
a vida do mar,  
que é moi útil  
para nos bañar.

**Alberto Ferradás 4º A.**

### O MAR

¡Que bonito é o mar!,  
xogar na area  
e irse bañar.

¡Que bonito é o mar!,  
colle-los cangrexos  
e botalos a andar.

¡Que bonito é o mar!,  
móllanse as gaivotas  
e botan a voar

**Daniel Iglesias 4º A.**

### AS CORES

O roxo  
ten un ollo  
que está coxo.

Azul,  
se chama Raúl  
e tamén Saúl.

O verde  
sempre perde  
porque ferve.

Laranxa  
é polisémica,  
porque a outra  
está na granxa.

O amarelo  
pega o pelo  
con celo.

**Borja Enríquez 4º A.**

### LINDO PAXARIÑO

Pasou alguén ó seu lado  
e unha pedra lle tirou  
caeu da póla ó camiño,  
pero ninguén lle axudou.

Tiradiño no camiño  
malferido o atopei  
agora téñoocomigo  
e pronto o curarei.

**Dana 6º A.**



# DEBU

Estes debuxos foron seleccionados no colexio para participar no Concurso “ENTRE NÓS, EN GALEGO” convocado pola Xunta de Galicia. Seleccionouse un debuxo por ciclo.



AIDA  
QUEIMAÑO  
SOAGE.  
6 ANOS



¡¡NORABOA,

DANA DÍAZ  
DÍAZ.  
11 ANOS

# CONTOS

## MARCO E LILA (NO REINO DE SABADÍ)

Érase unha vez un rapaz e unha rapaza chamados Marco e Lila. Marco traballaba nunha panadería. Lila era a que aconsellaba á raíña *Ardelia*. Os rapaces víanse tódalas tardes.



Un día dous malvados colleron ós rapaces, atáronos cunha corda e botáronos nun cuarto escuro.

Os malvados entraron no castelo da raíña *Ardelia*, roubaron o famoso “Dirrubí” e puxeron un falso no seu lugar. Despois colleron ós rapaces e tiráronos polo sótano. ¡Iso pensaron eles!. Aquela porta ía dar ó río. Os rapaces caíron nunha gamela e desatáronse. Foron detrás dos ladróns que ían noutra lancha e estaban a punto de alcanzalos pero eles tiraron unha cámara e fuxiron.

Marco tirouse á auga e colleu a cámara que tiña dentro o “Dirrubí”. Deullo a Lila e esta levoullo á raíña *Ardelia*.

Outra vez salvaron o reino de Sabadí

**Ana Teresa Barros Fernández. 5ºA**

## O GALO DURMIÑÓN


Nunha aldea moi lonxana había unha granxa moi grande, tiña de todo: porcos,

vacas, galos, galiñas, pitos, ovelas, cabalos, cabras e tamén catro cans. Había un flufú que case sempre estaba durmindo e os tres cans sempre cuidando da granxa. Cada un tiña o seu traballo: as galiñas poñían ovos e coidaban os pitiños, as vacas daban leite, as ovelas e as cabras tamén daban leite para facer queixo e así sucesivamente. E, claro, o traballo do galo era cantar pola mañá para despertar ós donos da granxa, pero a este galo gustáballe tanto cantar que aproveitaba calqueira ocasión para facelo. Achegábase o antroido e el comezou a facer plans:

- ¡Qué ben!. ¡Ven o antroido!. Teremos que facer unha festa.

A noite anterior ó antroido decidiu ir por tódalas granxas e avisar a tódolos galos e galiñas para celebrar tódalas noites á beira do río festas, comparsas e disfraces mentres durase o antroido. Como as granxas estaban lonxe o galo chegou xa cando era día, e os granxeiros acababan de levantarse. Entón o galo empezou a cantar.

- Este galo quedouse durmido, o moi durmiñón - dicían os granxeiros.



Esa noite empezou a festa na beira do río, e aínda que chegaron a tempo á granxa o galo quedouse durmido por estar toda a noite de festa. Os granxeiros xa se estaban preocupando porque se quedaba durmido, e tiña cara de sono.

- Este galo ou é un durmiñón ou está enfermo.

Así durante todo o entroido e aínda que despois do antroido despertaba sempre

puntual os granxeiros desde aquela sempre lle chamaron **O GALO DURMIÑÓN**.

### ¿ONDE ESTARÁ MISAE?

Unha vez en Beluso había un can e unha gata. Eran solteiros.



O can chamábase Nevada e a gata Misae. Entón un día ían paseando por Beluso tranquilamente e ¡chaf!. Namoráronse.

Alí a uns días casáronse, pero o mellor foi que tiveron 20 fillos, dez Nevados e dez Misaes.

Compraron unha casa ó lado do colexio para que os fillos foran ó colexio

Os fillos pasábanse tódalas tardes facendo os deberes.

Despois os fillos colleron mozos e mozas. A partir de aí imaxinádeo.

**Naiara Gómez García.-5ºA**

### TOBBI O CAN E RAMI A CADELA

Hai moito tempo, nun pobo chamado Vendeluso, había un can que se chamaba Tobbi. Non tiña amigos, nin amo. Era o único can que andaba pola rúa. Tobbi estaba aburrido buscando amigos, pero nunca encontraba nada.

Un día decidiu marchar a outra parte, onde houbera cans para xogar con eles.

Pasaron os días, e Tobbi seguía buscando, ata que un día atopou unha cadela, e preguntoulle:

- ¿Como te chamas?
- Eu Rami, ¿e ti?.
- Eu tobbi. ¿Queres ser a miña amiga?
- Si. claro, eu non teño amigos.

Pasaron os meses, e Tobbi e Rami fixéronse moi amigos, non paraban de xogar, ás agachadas, á pita...

Un neno que andaba por alí viunos e deulles pan. Tobbi e Rami seguirono ata a súa casa. O neno preguntoulle a súa nai:

- Mamá, ¿podemos adoptar a un can e unha cadela?
- Non.
- Por favor, vounos coidar moito.



- Bueno vale, pero os tes que coidar e darlles de comer tódolos días.

Dende aquel día, Tobbi e Rami estiveron moi contentos, o neno dáballes de comer e cada semana, collía unha tinaca con auga quente e xabón e deixábaos relucentes.

**Rebeca Fandiño Gomez.-5ºA**

### O PIRATA BARBA LONGA

Había unha vez un pirata que só pensaba en atopar un tesouro. Andivo á procura dun barco e da súa tripulación. Cando o tivo atopado embarcou na aventura da súa vida: ir en busca do tesouro.

Andiveron varios días polo mar na procura da illa na que estaba o tesouro. Cando chegaron alí comezaron a buscar.

Buscaron varios días e non atoparon nada. Xa estaban desesperados. A tripulación berraba que tiña fame, pois xa levaban varios días con escasos víveres.

Un día déuselles por ir buscar algo de comer á illa, a ver se atopaban algo.

Adentráronse na selva e, conforme ían andando, a paisaxe era cada vez máis bonita: había ferverzas impresionantes, cada árbore tiña os seus froitos, había aves exóticas...

Todo en si era unha verdadeira maravilla. Entón déronse conta de que toda a illa era un verdadeiro tesouro.

**Abraham Parada 5ºB.**


### UN RAPAZ NOVO NO BARRIO

Pablo é un rapaz novo no barrio que acaba de chegar cos seus pais, Xurxo e Noelia. Veñen desde Inglaterra, porque o seu pai tivo que cambiar de empresa como novo director de traballo

Pablo está no meu colexio e na miña clase. Xa somos amigos, e tódalas tardes, cando acabamos de facer os deberes, adoitamos ir ó parque a xogar, e despois imos á tenda de lambetadas de Xoán, o meu tío.

Mañá Pablo ten o seu cumpleanos e queremos darlle unha sorpresa, por iso eu compreille un regalo moi especial que el desexa moito: un coche teledirixido.

Hoxe temos que preparar a festa de Pablo. Os amigos do colexio, os seus pais e máis eu estamos tratando de distraelo para



acabar de preparar os glorbos, a tarta e os xogos.

- 1, 2, 3, Pablo, xa os podes abrir -dixen eu.
- ¡Que guai! Gracias Anxo por ter tantas cousas preparadas e tamén gracias a vós, compañeiros - contestou Pablo.


A Pablo gustoulle moito o seu cumpleanos e creo que a nosa amizade vai ser moi boa.

- Moitas gracias por todo, Anxo, meu me-



llor amigo.

**Jesús Manuel Soage 5ºB.**



## HISTORIA DE BELUSO

Beluso é unha das tres parroquias que conforman o Concello de Bueu. Atópase no extremo noroccidental da Península do Morrazo.



Moitas son as probables orixes do topónimo Beluso, desde o grego *belos* (extremo dun país ou comarca) ata a raíz céltica *bel* (bo, o que encanta). Os primeiros indicios humanos da parroquia van moito máis atrás no tempo. As ladeiras do monte Liboreiro e os camiños de Bon están adornados de curiosas e estrañas combinacións de debuxos pétreos, con máis de 2.800 anos.

No monte de Mourozos (Castiñeiras), desenterráronse mámoas e utensilios funerarios da primeira comunidade prehistórica coñecida no Concello de Bueu.

No ano 1.008 dátase o primeiro escrito que se conserva sobre Beluso; nel os condes Ramón e Urraca conceden ó Mosteiro de Poio *“la mitad de la villa de Belluz”*.

O monte da Vela foi un posible lugar de control da entrada de piratas por mar.

Johan de Cangas (trovador galego-portugués, recoñecido en 1998 co Día das Letras Galegas) quen a finais do século XIII cantou ás belezas da súa amada na ermida de *San Mamede do Mar*, hoxe a capela de Sanamedio.

No século XVIII as praias de Beluso foron os lugares escollidos para as primeiras fábricas de salazón, xerme da industrialización pesqueira que desde entón definiu a economía de Bueu. Aínda hoxe podemos admirar os restos desas antigas fábricas nas praias de Mourisca e Ancoradouro.

### RESTOS ARQUEOLÓXICOS ATOPADOS EN BELUSO

#### Restos paleolíticos:

- Hacha de cuarcita - Bon (Lapeira dos Morcegos)
- Lasca de cuarcita - Bon (Area de Reventóns)
- Lasca triangular de sílex negruzco - Beluso (Veiga do Con)
- Pico pseudo asturiense de cuarcita - Beluso (Outeiral)

#### Restos neolíticos:

- Posibles refuxios en Udra, posteriormente adaptados para refuxio de pastores (ollo non todos).

#### Idade de Bronce:

- Petroglifo con cazoletas e resto dalgún círculo concéntrico en Bon (Casas Vellas de Bon)

#### Época dos Castros:

- Cerámica castrexa en Casas Vellas de Bon (posible castro)
- Posible castro en Udra, en Vilar.



#### Época Romana:

- Cepos de áncoras romanas en Beluso (Cabo Udra)

#### Século XX:

- A casa de Mulezún, un dos arquitectos españois do século XX máis salientables, que está na Praia de Beluso.

### VISITANTES ILUSTRES

Miguel de Unamuno  
 Emilia Pardo Bazán  
 Emilio Castelar  
 Castelao  
 Gonzalo Torrente Ballester  
 A Infanta Isabel de Borbón  
 Exilio en Beluso do Premio Nobel de Literatura venezolano Rómulo Gallegos.

**Iago, Ángel e Darío 4º B.**

# AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS

## O BUXO (*Buxus sempervirens*)

A pequena familia das buxáceas, comprende matas, arbustos ou árbores de follaxe sempre verde con follas simples, verde escuro e brillantes pola anverso e máis claras e con nervio prominentemente polo envés, e flores pequenas, que aparecen desde mediados de marzo ata o mes de maio.



O xénero *Buxus* é o máis interesante cunha vintena de arbustos de follas opostas, coriáceas e lisas, distribuídos pola rexión mediterránea, Asia, África tropical e as Antillas.

O buxo é un arbusto, moi denso, que pode chegar a ter unha altura de 3 ou máis metros e incluso 8 ou 10, a súa copa é pequena, ten a cortiza de cor pardo con gretas fondas.

As flores son unisexuais e monoicas (teñen as flores masculinas e femininas nun só pé). Cada unha das flores femininas está rodeada por 10 ou 15 masculinas. As flores femininas e tamén as masculinas son apétalas e sésiles (desprovistas de pecíolo). A flor feminina é máis pequena cá masculina, está provista dun ovario súpero (libre, unido á parte ancha do pedúnculo pola súa base) con cinco estilos, rodeado por catro sépalos. As flores femininas maduran antes das masculinas polo que a fecundación é cruzada.

Os froitos son en forma de cápsula, rematados en tres corniños.

O buxo é un arbusto frecuente nas montañas calcarias españolas, non sendo abondoso en Galicia polo tipo de solo pero atópase algún pé de cando en vez.

É unha especie resistente de madeira laranxa, dura, e de lento medrar que se usa na fabricación de instrumentos musicais tales coma clarinetes, frautas, pezas de gaita, buxainas, etc. e utensilios diversos, como puños de bastón, culleres, etc.

Na *Iliada* mencionase que o xugo dos asnos de Príamo, rei de Troia, eran de madeira de buxo.

Tódalas partes da planta son tóxicas. A pesar diso utilizouse, antes do descubrimento da quinina, para preparar medicamentos que se administraban para combater a febre.

Os 1195 Km. de beiramar, contribúe, dende atrás e na historia, a configurar Galicia. Os modos de produción, as relacións sociais, a correlación de forzas, a actitude do poder central, tocarán sempre na historia á xente do mar, e tamén ó mar.

A actividade extractiva, vén dende a industria paleolítica camposanquese, da que se teñen atopado pedras feitas para serviren de pesca a grandes redes. Nas escavacións feitas nos castros, aparecen útiles para a pesca, así como os coñecidos concheiros, grandes depósitos de valvas de moluscos mesturados con restos de cocíña. A aparición destes concheiros en castros arredados da beiramar, considéranse como indicio do comercio de produtos do mar. Doutra banda, os escritos de historiadores e poetas romanos testemuñan da riqueza e calidade dos produtos do mar galego.



Na idade media o aproveitamento dos recursos mariños pervive e desenvólvense nun novo contexto.

A sociedade galega podémola debuxar, seguindo a Rodríguez Galdo, unha sociedade de base agraria artellando as relacións de produción ó redor do sistema de propiedade da terra que se atopa nas mans dos señores feudais.

O campesiño, en troques, ten acceso ó dominio útil, non á súa propiedade, a través dun sistema de foros ou arrendamentos e xera as rendas do sistema en pequenas e medianas explotacións familiares coas que atenderá ás súas necesidades, tendo que dar

unha boa parte da produción ós señores, facéndoo en especies ou diñeiro.

O mar, serve de axuda, ou complemento, a uns labregos que pouco teñen e menos lles queda. Crese que fose esta a razón fundamental da pesca: contribuír a mellora-la miserenta situación campesiña. Compre atender algúns feitos: primeiro, a existencia de numerosos ríos, abundantes en troitas e salmón fáciles de coller. Doutra, a prohibición de comer carne durante a Coresma.

A produción artesanal intégrase nas necesidades do mundo rural e nas vilas fórmanse as organizacións corporativas e gremiais. Do século XII téñense novas da existencia do Gremio de Mareantes da vila de Pontevedra integrado por varias confrarías, aínda que unha fora á cabeza como é o caso de Pontevedra coa do *Corpo Santo* tiñan unha dobre autoridade: dunha banda o "Vigairo" que era quen ordenaba as tarefas da pesca, e doutra a autoridade relixiosa.

A actividade pesqueira contribúe ó desenvolvemento da vida nas vilas mariñeiras xurdindo núcleos e poboación desleigados do entorno señorial.

Aínda que os documentos sobre a pesca non son abundantes, por canto que era actividade de pescadores espallados, sábese que ademais da sardiña pescábanse na beiramar galega: pescadas, polbos, congros, xardas e ollomol. Caamaño Bournacell documenta a existencia de 300 barcos no Grove dedicados á pesca do polbo con raña, no século XVI.

Na costa Norte había unha pesqueira de cetáceos que se desenvolvía no inverno, dando bos rendementos nos séculos XIV e XV aproveitándose a carne salgada, para aceite e saín.

Carlos V declara libre o exercicio da pesca abolindo os privilexios dalgunhas vilas e cidades sobre zonas do mar costeiro. É a época de florecemento dos gremios de mareantes que se espallaron por toda a beiramar. As vilas costeiras tiñan os seus barrios de pescadores.


No século XVII, a causa das guerras de Portugal, Flandes e Sicilia, destino forzoso dos galegos, fai que a nova industria, co-

mercio e navegación quedarán reducidos a uns termos lamentables.

Entramos no século XVIII cunha Galicia deprimida e desestructurada. A pesca semella afectada polas razóns históricas, engadindo a isto a competencia iniciada co comezo das pesqueiras de bacallao na Terra-nova, arenque na Escocia e baleas na Groenlandia. Estes produtos van ocupar comercios tradicionalmente cubertos polos produtos do mar galego afectados pola falla de homes para traballalos, ocupados no servizo da armada. O século XIX seguirá na escuridade. A chegada dos cataláns coincide coa destrución da pesca tradicional, ou sexa aquela que podía ser de artes coma: liñas, espineis, nasas... As artes que necesitaban unha organización máis complexa estaban as de en malle e deriva e as de cerco, dedicadas máis que nada á colleita de sardiña, e, polo xeral, das artes peláxicas.


A parte da pesca non consumida en fresco recibían un tratamento lixeiro para facilitar a súa conservación e ser obxecto de comercialización. O abadexo sometíase ó secado, a sardiña salgábase por unha técnica rudimentaria o ESCOCHADO.

Xa antes da chegada dos cataláns a sardiña galega era produto comercial importante, levándoa os arrieiros ata o País Vasco e Santander; pero, sobre todo, a Portugal. Aparece entón unha casta de burguesía litoral nas Rías Baixas, estando nas súas



mans o comercio marítimo e as loxes e adegas de salga.

Coa chegada dos cataláns, a partires do ano 1750, iníciase unha nova técnica de salgado que incluía o prensado e ábrese novos mercados. Os cataláns trouxeron unha nova arte de pesca a “xábega”, cuns mellores rendementos. Aparece a competencia entre o xeito ou cerco real e a xábe-



ga, e o conflito de intereses non tarda en manifestarse pois as colleitas das xábegas cataláns compiten no mercado en mellores condicións. A partires do ano 1774 só existe un único grupo dominante en toda a beiramar: os cataláns. Péchase o comercio con Portugal e expansiónase o de Levante. Substitúense as artes de cerco polas de arrastre (xábega e boliches) aínda que se mantén a de xeito. Xunto con isto suprímese o dezmo de mar e establécese a matrícula, trocando a organización social da pesca. No ano 1873 é cando entra en vigor a matriculación e prohíbese o exercicio da pesca ós non matriculados dando lugar a un certo capitalismo.

A segunda etapa do asentamento industrial vén da man do cambio das antigas fábricas de salgado polas modernas conserveiras, coa introducción de técnicas traídas de Francia para a conservación de produtos naturais. Compre reseñar a fábrica de Curbera Hnos. no 1861, a de Goday na Illa de Arousa 1879 e a de Massó en Bueu 1883.

Estas fábricas xunto co ferrocarril abre novos mercados, sendo factores decisivos na demanda dos produtos do mar.

En 1888 comézanse a armar en Vigo os primeiros barcos con máquinas de vapor que permiten saír ós caladoiros de fóra das Rías con maior autonomía e rapidez de desprazamento. Mudan as artes cunha tecnoloxía máis adiantada permitindo a explotación de recursos ata entón pouco accesibles.

No remate do XIX acabamos de ver os comezos da industrialización do mar galego. Galicia chega ata os primeiros portos en flota e colleitas.

No primeiro tercio do século XX aparece o desenvolvemento e consolidación da flota do arrastre e o seu expandir cara os caladoiros de altura que van converterse en tradicionais para as flotas galegas ata os nosos días.



## A PESCA CON CANA NO PENEDO

As costas galegas en xeral e as nosas en particular, posúen gran cantidade de zonas rochosas onde practicar a pesca con cana, polo que esta é unha actividade de cada vez máis practicada.

Para pescar a mellor hora é pola mañá, cando empeza a saír o sol e tamén no momento no que a marea comeza a subir. A primeira cousa que tes que facer o chegar ó penedo é buscar unha rocha aseitada para para pescar directamente no fondo ou lanzar. As mellores rochas para practicar o lanzado son as máis altas. A segunda cousa é preparar a cana para tirar, cravando o cebo no anzol. Finalmente só nos queda lanzar o aparello ó mar coa cana e esperar a que piquen os peixes.

Cando pescamos con cana podemos utilizar diferentes cebos. Se queres pescar serráns, maragotas, pintos ... o mellor é o camarón e a miñoca. Cando pretendas pescar con cana lanzada utilízase principalmente a majúa ou os cebos artificiais.

Hai canas naturais ou artificiais. As canas naturais están feitas de distintos tipos de materiais: bambú, pao ... e a mellor é a cana india porque é un material moi duro e resistente . Na actualidade o tipo de cana máis utilizado é a cana artificial de nailon, fibra de vidro ... que é a que imos describir.


### Cana de lanzado artificial.

Está formada por:

1. **Mango** - Parte máis grossa , formada de plástico ou outro material para facilita-la suxeición.
2. **Cana ou vara** - De lonxitude variable entre 75 cm ata 3.5 m segundo o modelo e o uso. Na cana van os en-

ganchos que suxeitan a liña ou tanza.

3. **Carrete** - Formado por unha peza onde se enrola a liña, a manivela para recollela ou soltala e o seguro para mantela firme.
4. **Liña ou tanza** - Antes facíase de cordel e agora son de nailon.
5. **Os anzois** - Son uns ferros de forma curva , cunha punta afiada en forma de triángulo. Cada anzol ten o seu tamaño e o seu nome, por exemplo: limerick, tarbon ,beak... son unha parte fundamental da cana, porque é a parte na que se crava o cebo para que os peixes coman e queden atrapados.
6. **Boia** - Corpo de forma esférica que flota na auga permitíndonos así saber onde temos a liña e indicándonos cando pican os peixes.
7. **Chumbada** - Chumbos que colgan la liña permitindo así que afunda e desta forma coller peixes que andan polo fondo.



### Forma de traballar

Sácase o seguro e ponse a cana para atrás, logo lánzase con forza e espérase a que pique o peixe. Se pica un peixe (nótase na presión da liña sobre a cana ) dáse un tirón e recóllese a liña co carrete ata telo á man para quitarlle o anzol.

ROCÍO, TANIA, DANA, MAIKA E JUAN 6ª.

## MARTILONGA. (*Gaidropsarus vulgaris*)

### Descrición.


Chamada tamén barbada, mario-la, marela, ... é un peixe de corpo alongado que pode alcanzar os 60 cm. de lonxitude e un peso de 1 kg. A súa cor é parda escura, salcerida de claro, coas aletas dorsais e anal pintadas en negro. Ten o corpo cuberto de pequenas escamas e a cabeza apuntada e estreita con tres barbelas, unha no queixo e dúas diante das fosas nasais.

### Hábitat e modo de vida.

Esta especie é bastante común no Atlántico Europeo e no Mediterráneo, dende Xibraltar ata Grecia. Vive en zonas de 0 - 200 m. de profundidade. Habita nos penedos, en covas, entre rochas, en charcas, areas fangosas, etc..

### Alimentación.

Aliméntase principalmente de algas, cangrexos, camaróns e pequenos peixes.



### Reproducción.

Este peixe reproducése de forma sexual pero externa. A reprodución realízase entre decembro e xaneiro. Pon os ovos nun lugar seguro e protéxeos de calquera perigo ata que se valen por si mesmos. Aínda así, só logran sobrevivir o 55% dos ovos. Pode chegar a vivir ata uns cinco anos.

ADÁN, DANIEL, DIEGO, IVÁN, JAVIER, MANUEL 6º A

## PESCA CON LAÑEIRA


A lañeira é unha arte de pesca utilizada nas nosas costas para capturar martilongas, congros, nécoras ...entre as pedras do penedo. Para pescar con lañeira debes ir a un lugar onde a costa sexa moi rochosa e levar as lañeiras, un cesto, un truel e un bicheiro.

O instrumento fundamental neste tipo de pesca é a **lañeira** que está formada por unha vimbia, un cordel ou tanza e un anzol.



A LAÑEIRA


O **bicheiro** está formado por un mango de pau de eucalito en forma cilíndrica dunha lonxitude que vai aproximadamente de 1'50 – 2 m. e un anzól ou varios, pero dos máis grandes, que van ben suxeitos a un dos extremos do mango.



TIPOS DE BICHEIRO

O **truel** ou ganapán está formado por un aro de ferro, en forma redonda ou de semicircunferencia coa parte recta cara adiante de aproximada-

mente 40-60 cm de diámetro. Ten un cope ou saco de rede suxeitada ó aro e pechada pola parte do fondo e un mango feito de pau de eucalipto de forma cilíndrica de lonxitude variable.



TIPOS DE TRUEL

O **cesto** pode ter diferentes formas. Antigamente utilizábase a patela pero hoxe en día o tipo de cesto que máis se utiliza é un con tapa feito de vimbia ou de plástico que ten unha abertura para meter o que pescas e unha correa que che permite levalo colgado.



Cesto de pesca


Patela

A forma de pescar consiste en meter as lañeiras cos anzois cheos de cebo nos buracos das pedras. Cando algo pica, a lañeira comeza a vibrar. O pescador ó notar o movemento debe acercarse con coidado e tirando pouco a pouco, subir a peza ata mirala. Por último, utilizando o truel ou o bichero debe coller a pesca, sacala do anzol e metela no cesto.

## O PERCEBE (*Pollicipes cornucopia*)

### Morfoloxía:

O percebe é un crustáceo círripedo recuberto dunha serie de placas de forma e disposición características. O seu corpo consta externamente de dúas rexións claramente diferenciadas: a uña e o pedúnculo. A uña ou cuncha contén o corpo propiamente dito, e está protexida por unha caparuzza bivalva. O animal pode mover estas dúas pezas mediante un músculo abductor. Ditas pezas reciben as denominacións de: quilla, tergos e escudos. Dentro desta cuncha e entre os escudos ábrese a boca, con pezas mastigadoras moi reducidas e os apéndices torácicos que con movementos rítmicos, producen a corrente de auga que lles proporciona o alimento. Estes apéndices chámase cirros. O alimento recollido por eles pasa á boca e de ela ó aparato dixestivo .



#### ANATOMIA DO PERCEBE

A – UÑA	5 - ANO
B – PEDÚNCULO	6 - CAVIDADE DO MANTO
1 – BOCA	7 - INTESTINO
2 - CIRROS	8 - OVARIO
3 - PENE	9 – GLÁNDULA ADHESIVA
4 – TESTÍCULO	

### Habitat:

No nacemento o percebe é unha larva que vive á deriva no mar. Ó chegar a adulto elixe a rocha na que vai a vivir e, coa súa "glándula adhesiva", produce un líquido que o fixa á ela. Vive formando colonias de numerosos individuos na zona medio- litoral e necesita auga limpa onde o mar rompa violentamente e amplos períodos de sol. A auga doce da chuva axúdao a crecer.

### Localización:

O percebe encóntrase na maior parte da costa nordeste de Galicia, en grandes rochas batidas polo mar aberto. Pero, sen dúbida, o percebe de Cabo Roncudo, en Corme, é o máis apreciado. Ademais do Roncudo, en toda a Costa da Morte, sobre todo nas Illas Sisargas, Muxía e Fisterra, crecen os maiores percebes do mundo. Nos grandes acantilados do Cabo Ortegal, en Cariño e Cedeira, e nos da Costa da Vela, Illa de Ons e Cies, tamén se encontran bos exemplares.

### Reproducción:

O percebe é unha especie hermafrodita, isto quere dicir que o mesmo tempo pode actuar coma macho ou coma femia. A pesares disto a súa fecundación é cruzada, o que quere dicir que ten lugar entre dous percebes, que por vivir fixos teñen que atoparse xuntos. O período reproductor vai de marzo a setembro e en cada posta un percebe pode poñer uns 15.000 ovos. Dous meses despois do desove, e tras sufrir diferentes cambios de muda e metamorfose, e cando se produce a fixación das larvas ás rochas e nelas é onde o percebe completa o ciclo ata converterse en adulto.

ANDREA, ALBA, BEA, CARLOS, SHEILA. 6º A.



## A PESCA DO PERCEBE

En boas condicións o percebe acada o tamaño comercial (aproximadamente 5 cm x 2,5 cm) en algo máis de seis meses. A dificultade para chegar e extraer os percebe das rochas máis batidas polo mar xustifican de sobra o seu prezo. O traballo duro do percebeiro queda reflexado na multitude de accidentes e mortes deste tipo de mariscadores que se producen nas nosas costas.


Fotos: Anxo Cabada



Para arrincar os percebe pegados ás rochas, o percebeiro necesita unha vestimenta que o protexa do auga, frío e raspaduras e utilizar unha serie de ferramentas. Entre estes materiais podemos nomear : traxe de augas ou de neopreno, botas de goma ou escafpíns, corda ou arneses, rasqueta e bolsa de rede.

A rasqueta é un utensilio formado por: mango con forma cilíndrica, de madeira e de aproximadamente 2 m. de lonxitude e pá de ferro, con forma pentagonal, cos dous lados que dan ó mango máis curtos. A parte utilizada para raspar mide uns 10 cm., é plana e está afiada.

### DISTINTOS TIPOS DE RASQUETA



#### **PARTES DA RASQUETA:**

- A - PÁ
- B - MANGO

A bolsa de rede consta dun pequeno aro metálico e un copo de malla tupida. Vai suxeita na cintura e nela é onde o percebeiro vai metendo o marisco que recolle.



ANDREA, ALBA, BEA, CARLOS, SHEILA. 6º A.

## O PERCEBE NA COCIÑA

Hai percebes de diferentes zonas xeográficas pero os máis saborosos, cotizados e de exquisito sabor son os galegos. A súa captura é moi difícil e arriscada, polo tanto o seu prezo é elevadísimo. A parte comestible do percebe é o pedúnculo que ten un color asalmoado.



### PERCEBES COCIDOS MODALIDADE DA COSTA DA VELA

#### INGREDIENTES PARA CATRO PERSOAS.

- 1 quilo de percebes galegos.
- 4 litros de auga.
- 250 gramos de sal.
- Follas de loureiro secas.

#### PREPARACIÓN:

Ponse unha pota grande ó lume con abundante auga, un bo puñado de sal e varias follas de loureiro secas. Cando a auga rompe a ferver, botamos os percebes e contamos cinco minutos de fervor si son de bo tamaño, ou tres minutos si son máis pequenos. Antes de escurri-la auga, empábase un pano, co

cal se taparán os percebes unha vez servidos na fonte. Hai que resaltar que o mérito dos percebes é comelos quentes, xusto despois de cocelos, pois si non é así, perderán parte do seu sabor.

### PERCEBES CON CACHELOS MODALIDADE DE CORME

#### INGREDIENTES .

- 1 quilo de percebes galegos.
- Auga de mar.

#### PREPARACIÓN:

O noso consello é que se os percebes están vivos bótanse en auga fría de mar ou moi salgada, póñense ao lume e retíranse cando a espuma os cobre ben ao ferver (se son bos pero non moi grandes non precisan os cinco minutos fervendo). Se xa non están vivos hai que botalos na auga fervendo e sacalos cando rompa outra vez o fervor. Non deben cocer moi amoreados nin con moita auga. Hai que botalos en potas de bastante diámetro e de xeito que a auga non os cobra. Acompáñanse con cachelos (patacas cocidas sen pelar).



**ANDREA, ALBA, BEA, SHEILA 6ª**

**TIRO DE CORDA**

**Material:** Ademais de xiz, pintura para facer a marca no chan, o único material necesario é unha soga forte, que ás veces, leva marcado o seu punto medio cun pano de cor.

**Desenvolvemento:** Antes de comezar o xogo, hai que marcar ou pintar no chan unha liña recta, a cada lado, de cal. Colocaranse os equipos, en ringleira, e encabezados polo seu capitán.

Outra persoa fará de xuíz e dará o sinal que pon en marcha o xogo. A ese sinal, as ringleiras de participantes comezan a tirar da corda para o seu lado, tratando de obrigar ós outros a pisar a liña.

Gañará o equipo que dea arrastrado ós contrincantes ata que pisen a liña do chan. Para conseguilo, hai que tirar da soga con coordinación, xuntando as forzas e sumando o esforzo de todos.

**LAGARTO, LAGARTO**

**Material:** Unha moeda, un caramelo ou calquer obxecto miúdo.

**Desenvolvemento:** Un esconde, outro adiviña. Ó que lle toque, deberá ocultar a sorpresa nunha das súas mans, sen que sexa visto; o outro terá que descubrir a peza mentres toca as mans do compañeiro ó ritmo da seguinte canción:

*Lagarto, lagarto,*

*Dime a verdade*

*Que se non te parto.*

Ó dicir “te parto” dará unha palmado máis forte na man que lle corresponde nese momento. O neno abrirá ese puño para comprobar se acertou; de ser así, tocaralle a el a quenda de facer o truco.

**O TROMPO**

**Material:** Un trompo e un cordel delgado para facelo bailar.

**Desenvolvemento:** Divididos os xogadores en dous equipos, hai que tratar de lanzar cada un o seu trompo, collelo coa man e, sen deixar que pare, volvelo lanzar para darlle golpes ó trompo sen dono. Quen achegue este último á liña de meta do equipo contrario, gaña a partida.

**A ESTORNELA**

**Material:** Fan falta dous paus: un, cilíndrico, duns 30 centímetros de longo, chamado billarda, ó que se lle fai un escabe (niquibá) nun dos seus extremos; o pinchín, de non máis de 15 centímetros, coas puntas (viruleiras) agudas.

**Desenvolvemento:** O xogo consiste en lanzar a estornela o máis lonxe posible, ou pillala no aire e tentar de introducila no cadro de saída.

Para empezar a xogar o primeiro que cómpre facer é decidir os grupos. Para iso débúxase unha raia no chan do mesmo tamaño que a estornela. Despois mídense seis ou sete pasos e trázase unha raia no chan. Comeza a partida quen deixe a panca máis preto da estornela.

A partir dese momento, lanza sempre o mesmo xogador ata que os contrincantes metan a estornela no cadro ou a collan no aire.

**A PORCA**

**Material:** Un pau para darlle á bóla. Xunto ó pau había que dispor dunha bóla, a porca, feita cun anaquiño de madeira dura para evitar que rache cos golpes.

**Desenvolvemento:** O fin do xogo é meter a bola no furado do porqueiro central, quen ten que estar a dirixir o xogo. Este lanza a porca ó aire e debe mirar se cae no seu buraco. Cando acontece deste xeito, inmediatamente ten que berrar: “¡Hai trocos!”. Mesmo nese punto, tódolos demais xogadores deben intercambiar os seus nichos. Se nese momento o porqueiro logra introducir o seu mazarico nun dos nichos dos seus contrincantes, pasa a ocupar ese posto, mentres que o outro pasará a ser porqueiro.

Cando a porca cae fóra do nicho central (o curral), o porqueiro tratará de intruducila en calquera dos outros nichos. Nese caso, tamén intentará intercambiar o seu posto co dono do nicho en cuestión. Cando alguén consegue meter a porca no nicho do porqueiro, este dirá de novo: “¡Dalle á porca e muda!”. Producirase de novo o rebumbio e unha vez máis, o porqueiro deberá aproveitar para facerse dono dun nicho.

Gaña o xogador que meta máis veces a porca no buraco do porqueiro.



## DEPORTES

Durante este curso disputáronse, como xa é tradición, unhas competicións de Balonmán e Futbito (tanto feminino como masculino) por cursos, nos recreos. Nestes intres temos xa os correspondentes equipos gañadores, que son os seguintes:

### BALONMÁN FEMININO.

#### 4ºA.

INÉS GRAÑA SANTOS  
SARA GARRIDO LÓPEZ  
SORAYA BARREIRO DOMÍNGUEZ  
NEREA ESTÉVEZ OTERO  
AIDA FERRADÁS VILLANUEVA  
REBECA AGULLA PEIXOTO

#### 6ºA.

IVÁN CABANELAS PÉREZ  
ADÁN L. DOMÍNGUEZ FALCÓN  
DANIEL FERRADÁNS FERRADÁS  
DIEGO FERRADÁS ALMEIDA  
CARLOS FERRADÁS HERBELLO  
JUAN M. MARTÍNEZ REIRIZ  
JAVIER MARTÍNEZ VALLADARES

### BALONMÁN MASCULINO.

#### 4ºB.

IAGO MARTÍNEZ BARROS  
DARÍO NOVOA POUSA  
ELOY MARTÍNEZ ESTÉVEZ  
AARÓN PAZ GARCÍA  
ÁNGEL M. TORRES FERRADÁS  
LINO VILLANUEVA ENTENZA

#### 6ºB.

MARÍA VILLANUEVA GONZÁLEZ  
NEVES OTERO RUÍZ  
CARMEN Mª PÉREZ CERVIÑO  
LUCÍA RIOBÓ PIÑEIRO  
SONIA OTERO PEREIRA  
CORAL MÉNDEZ BARREIRO  
MÓNICA PORTO GONZÁLEZ  
CRISTINA POUSEU MARTÍNEZ  
JÉSSICA PRETEL GONZÁLEZ

### FUTBITO FEMININO.

#### 4ºB.

IRIS FERNÁNDEZ OTERO  
ANA Mª OTERO GONZÁLEZ  
ESTRELLA PÉREZ PORTO  
NEREA ROSAS REGUEIRA  
SARA SAMPEDRO CHAMADOIRA  
SANDRA SMYTH NOVOA  
ANDREA VIDAL VILLANUEVA  
CINTIA PEQUEÑO OTERO

#### 6ºA.

ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ  
SHEILA BERNÁRDEZ GÓMEZ  
ALBA FERREIRA JUNCAL  
DANA DÍAZ DÍAZ  
BEATRIZ FERNÁNDEZ GALLEGO  
MAIKA MARTÍNEZ MIRANDA  
ROCÍO BLANCO FERRADÁS  
TANIA DIOS MARTÍNEZ  
BÁRBARA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

### FUTBITO MASCULINO.

#### 4ºA.

HUGO BACELAR MARTÍNEZ  
ALBERTO FERRADÁS RIAL  
MARCIAL GOLOBARDAS LÓPEZ  
BORJA ENRÍQUEZ MARTÍNEZ  
JOSÉ M. GARCÍA POUSADA  
DAMIÁN GOLOBARDAS OTERO  
ÁNGEL GÓMEZ SANTOS  
BORJA GRAÑA CAMIÑA  
DANIEL IGLESIAS SOLLA



#### 6ºA.

IVÁN CABANELAS PÉREZ  
ADÁN L. DOMÍNGUEZ FALCÓN  
DANIEL FERRADÁNS FERRADÁS  
DIEGO FERRADÁS ALMEIDA  
CARLOS FERRADÁS HERBELLO  
JUAN M. MARTÍNEZ REIRIZ  
JAVIER MARTÍNEZ VALLADARES  
MANUEL DACOSTA RÍOS

**IFELICIDADES ÓS GAÑADORES/AS E ÁNIMO A TODOS!**

## DEPORTES

O Domingo 30 de Marzo celebrouse a XXIII edición do **CROSS DE BELUSO**.

Temos que darlles moitas grazas e felicitar ós nenos/as que viñeron e ós seus pais e delegados, polo seu interese e participación. Agradecer tamén, un ano máis, o interese, esforzo e dedicación de todas aquelas persoas que fan posible, un ano tras outro, que se celebre esta tradicional festa do deporte.

Debemos resaltar,este ano tamén, a notable participación de atletas que houbo e moi especialmente do noso Colexio, con máis de 200 participantes outra vez no total das diferentes categorías escolares. Esta cifra é realmente importante para un Colexio de Infantil e Primaria.

A continuación poñemos a clasificación individual, dentro dos 10 primeiros, dos nenos/as de Beluso nas distintas probas e a clasificación por puntos dos Centros participantes :

### NENOS DE 3 ANOS.

- 1.SERAFÍN CANOSA
- 2.SERGIO FANDIÑO
- 3.AARÓN FERNÁNDEZ
- 4.RUBÉN PORTELA
- 5.JOEL RÍOS
- 6.JUAN SANTOS

### NENAS DE 3 ANOS.

- 1.VERÓNICA GÓMEZ
- 2.CARMEN GARCÍA
- 3.SARAY FERNÁNDEZ
- 4.ICIAR GRAÑA
- 5.TANIA ALVITE
- 6.NINA VAN DER HURK
- 7.CLARA COSTAS

### NENOS DE 4 ANOS.

- 1.ISAAC PÉREZ
- 2.NOEL BARREIRO
- 3.MARTÍN PICHEL
- 4.BRAIS LÓPEZ
- 5.YERAY ÁLVAREZ
- 6.DIEGO OTERO
- 7.YOEL LOIRA
- 8.RUBÉN PATIÑO
- 9.FRANCISCO DE LA TORRE
- 10.JAVIER GARCÍA

### NENAS DE 4 ANOS.

- 1.PATRICIA TORRES
- 2.IRIA ROSAS
- 3.M<sup>ª</sup>PAZ BERMÚDEZ
- 4.SUSANA LÓPEZ
- 5.SHEILA CARRACELAS
- 6.ÁNGELA VILLANUEVA
- 7.ALICIA COLLAZO
- 8.LUCÍA PIEDRAS
- 9.KATIA SANTOMÉ
- 10.LAURA FERNÁNDEZ

### PREBENXAMÍN FEM.

- 4.ELSA DUARTE
- 8.PATRICIA COMEDEIRO
- 10.TANIA PATIÑO

### PREBENXAMÍN MASC.

- 6.PABLO POUSADA
- 7.JACOBO SOAGE

### ALEVÍN MASCULINO.

- 2.JULIÁN SEVILLA
- 4.JESÚS M. SOAGE
- 9.DIEGO FERRADÁS

### NENAS DE 5 ANOS.

- 1.EVA OTERO
- 2.ALEXIA VIDAL
- 3.SARAY CANOSA
- 4.ANA ANTEPAZO
- 5.ANTÍA OTERO
- 6.IRENE GUIMERÁNS
- 7.IRENE GAYO
- 8.EVA MARIÑO
- 9.IRIA PASTORIZA
- 10.ELENA SAMPEDRO

### NENOS DE 5 ANOS.

- 1.DARÍO COSTA
- 2.PEDRO ACUÑA
- 3.CRISTIAN FERNÁNDEZ
- 4.ADRÍAN CURRÁS
- 5.RODRIGO BERMÚDEZ
- 6.JOSÉ FILGUEIRA
- 7.JORGE POUSA
- 8.JOSÉ R. MOLARES
- 9.VIMARA PENA.
- 10.AGUSTÍN PIÑEIRO

### ALEVÍN FEMININO.

- 8.MARÍA VILLANUEVA
- 10.ANDREA OTERO

### BENXAMÍN FEMININO.

- 4.SORAYA BARREIRO

### COLEXIOS DE INFANTIL E PRIMARIA.

- 1.C.E.I.P. DE BELUSO
- 2.COLEXIO S. NARCISO
- 3.C.E.I.P. SEQUELO

### I.E.S.

- 1.VIRXE MILAGROSA
- 2.MARÍA SOLIÑO
- 3.MONTE CARRASCO



No “Deporte en Idade Escolar” organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta e dentro da competición de Tenis de Mesa temos que a 1ª fase (campeonato zonal) celebrouse outra vez no noso Colexio e quedaron campións 4 dos nosos equipos: Benxamín masculino, Alevín feminino, Alevín masculino e Infantil masculino.

Tendo en conta que na categoría Benxamín só se xoga a nivel comarcal, pasaron á fase seguinte (campeonato de área) os outros 3 equipos. Nesta fase, celebrada en Monteporreiro (Pontevedra), os nosos representantes foron eliminados. Pero non importa e de todo-os xeitos **felicítamos a** :

### BENXAMÍN MASCULINO.

- AARÓN PAZ GARCÍA
- IAGO MARTÍNEZ BARROS
- ÁNGEL M. TORRES FERRADÁS

### ALEVÍN MASCULINO.

- PABLO PIÑEIRO MUNDÍN
- JULIÁN SEVILLA PIEDRAS
- ABRAHAM PARADA OTERO

### ALEVÍN FEMININO.


- JÉSSICA LEMOS MARTÍNEZ
- ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ
- SHEILA BERNARDEZ GÓMEZ
- ANA T. BARROS FERNÁNDEZ

### INFANTIL MASCULINO.

- ABEL JUNCAL LÓPEZ
- MIGUEL GARCÍA GARCÍA
- DAVID GÓMEZ GONZÁLEZ
- FRANCISCO LÓPEZ OTERO

# PASATEMPOS

## Enerucillado



1. España está dividida en 17 ...
2. Continente ó que pertence Galicia.
3. Mares moi extensos.
4. Galicia está no hemisferio ...
5. Onde habitan os americanos.
6. Continente máis extenso.
7. Océano que baña as costas europeas.
8. Grande extensión de terra.

V	I	E	T	U	I	M	I	L	A	R
I	T	T	R	E	O	N	D	A	L	C
L	M	O	N	D	O	Ñ	E	D	O	A
A	O	G	A	I	T	N	A	S	R	R
G	P	A	T	A	L	O	G	V	R	B
A	O	U	R	E	N	S	E	E	E	A
R	G	R	E	P	I	T	E	R	F	L
C	I	A	L	E	L	L	U	I	A	L
I	V	A	N	A	A	T	P	N	T	O
A	L	O	G	U	L	A	F	H	Q	I
P	O	N	T	E	V	E	D	R	A	Z

**A) En horizontal:** o nome de seis vilas ou cidades hostóricas de Galicia.

**B) En vertical:** o nome de seis vilas ou cidades modernas.

## BUSCA

Se colocas correctamente a **primeira sílaba** de cada un destes debuxos obterás o nome dun concello da provincia de Pontevedra, capital da arte rupestre galega.



# COLMOS

- **O dun carpinteiro:** Serrar as táboas de multiplicar coa Serra Nevada. Entablar unha conversa. Ter os fillos “listóns”, un can que lle mova a cola, unha muller cómoda e as fillas “travesas”.
- **O dun borracho:** Tomar a copa dunha árbore.
- **O dun católico:** Afeitarse coa folla parroquial.
- **O dun latoneiro:** Arranxar a lata que dan os seus fillos.
- **O dun avaro:** Dormir de lado para non gastar as sabas.
- **O dun xorobado:** Estudiar dereito.
- **O da velocidade:** Darlle voltas a unha columna ata morderse as costas.
- **O dun mecánico:** Arranxar os parafusos dun louco.
- **O dos colmos:** Que se perda un imperdible.
- **O dun cociñeiro:** Chamar á “poli” porque se “pegan” as patacas.
- **O dun aragonés:** Dicir o abecedario e comerse a xota.
- **O dun xardiñeiro:** Deixar plantada a súa novia.
- **O dun cego:** Chamarse Casimiro.
- **O dun electricista:** Ter unha chaqueta chea de lámpadas, que a súa muller se chame Luz e que a súa sogra lle siga a corrente.

*Antón Avilés de Taramancos*



Edicións do Castro  
*poesía*